

Clausura Galeusca

14-10-1990

(Palma de Mallorca)

Dícese que o máis fermoso e fondo poema escrito en galego é a **Cantiga de San Simón**, aló no mar de Vigo, augas do alén, século XII.

Cantiga:

“Sedíame eu na ermida de San Simón...”

.....

É o único poema que nos queda dun xogar chamado Mendiño, quer decir mendigo, é un canto de soledá. Un **De profundis** de Soledá.

A soledá fainos grandes, a por de soios, mais a soedade, levada ou non ó delirio, amais de gran door, é mala compañía pra afrontar a Historia.

Por eso vascos, catalás e galegos nos xuntamos –entre iguais– nos “Galeusca”. I é así como cómpre facelo, pois non é bon xuntarse cos moi poderosos. Como dice o poeta-filósofo alemán:

“Non busques o apoio dos grandes. O seu abrazo esmaga.”

Xuntámonos fronte a unha mesma ameaza. Nada une mellor que unha mesma ameaza. Nós non nos unimos contra nadie senón contra esa ameaza, unha ameaza terrible, como é sempre a do máis cercán.

Xuntámonos pra falar diante este mar antigo e vémolos novo, tal e como un ve unhos ollos, cando xa pensabamos que ningunha mirada podería traguernos máis que unha escura –pero certa– noticia de pervivencia.

Perviviremos. Visca Euscadi. Visca Cataluña, Valencia e Mallorca. Vivan Galicia i as Asturias de Oviedo. E viva Castilla.

E repito o brindis como fai un ano en Compostela:

“Levantámolas copas hasta sacalas porriba do tempo pois estamos soñando, agora que xuntos podemos facelo”.